



## REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

### I CONCURSO DE BAILE TRADICIONAL GALEGO DO REAL CORO “TOXOS E FROLES”

1. Poderán participar tódolos grupos de baile tradicional galego que o desexen, independentemente da súa procedencia xeográfica.
  2. Os concursantes deberán vesti-lo traxe tradicional galego e empregarán instrumentos tradicionais galegos. Unha parella de cada grupo deberá estar vestida co traxe tradicional ata a fin do concurso.
  3. Cada concursante pode formar parte única e exclusivamente dunha soa agrupación.
  4. Establecerase unha única categoría sen límite de idade nos seus compoñentes.
  5. Para a selección dos grupos terase en conta o seu curriculum.
  6. As agrupacións que desexen participar deberán cubri-la folla de inscrición que se adxunta e que tamén pode ser atopada na páxina web do Real Coro “Toxos e Froles” ([www.toxosefroles.com](http://www.toxosefroles.com)), xunto cun pequeno curriculum da agrupación.
  7. As inscricións deberán ser remitidas á dirección postal seguinte:
    - Real Coro “Toxos e Froles”, Rúa Magdalena 220, apdo 72, 15402 Ferrol
    - Ou ó correo electrónico [info@toxosefroles.com](mailto:info@toxosefroles.com)
- Antes do día 23 de Decembro de 2011.**
8. O concurso terá lugar o día **7 de Xaneiro de 2012 no Teatro Jofre de Ferrol ás 19.00 horas.**
  9. Os grupos finalistas deberán aboa-la cantidade de **100 €** como confirmación da súa asistencia ó concurso, no tempo e forma que lle será comunicada pola organización; cantidade que lle será devolta á agrupación o día da final ó remate da súa actuación. En caso de non acudir perderá o dereito a reclamar dita fianza.
  10. As agrupacións seleccionadas deberán estar presentes no Teatro Jofre ás 18.00 horas para confirma-la súa asistencia.
  11. A orde de actuación farase por sorteo por membros da Xunta Directiva do Real Coro “Toxos e Froles” que a publicará na páxina web da Entidade, e seralle comunicada a cada participante polas vías de contacto facilitadas.
  12. As agrupacións participantes deberán estar compostas, obrigatoriamente, dun corpo de baile (formado como mínimo por 5 parellas mixtas), un grupo instrumental (formado como mínimo por un/unha gaitero/-a e un/unha percusionista) e un grupo de cantoneiros/pandereteiros (formado como mínimo por 2 compoñentes).



## REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

13. A actuación terá unha duración mínima de 6 minutos e máxima de 8 minutos, nun único pase. Haberá que bailar obrigatoriamente un ritmo de muiñeira e outro de xota, un deles interpretado polo grupo instrumental e o outro polo grupo de cantareir@s, quedando á elección das agrupacións o baile e interpretación doutras melodías galegas.
14. As pezas a interpretar deberán ser tradicionais ou populares. No caso de non ser así o Real Coro “Toxos e Froles” remitirá á agrupación participante correspondente calquera gasto referido ós dereitos de autor no caso de seren requeridos pola SGAE.
15. O tempo de actuación comezará a contar de xeito continuo co inicio da interpretación.
16. O concurso estará dotado dun **único premio de 3.000 €**.
17. O Xurado estará composto por persoas coñecedoras do baile e da música tradicional galega.
18. O Secretario Xeral do Real Coro “Toxos e Froles” será o encargado de levantar acta e facer públicas as decisións do Xurado.
19. O Xurado estará configurado de xeito tal que se valorarán 4 apartados independentemente:
  - Primeiro Apartado: valorarase a calidade artística e técnica d@s bailadores/-as e do grupo, grao de dificultade e autenticidade das danzas interpretadas, ...
  - Segundo Apartado: interpretación, afinación e empaste do grupo instrumental, ...
  - Terceiro Apartado: afinación, técnica e empaste do grupo de cantareir@s, ...
  - Cuarto Apartado: Valoración xeral do espectáculo a desenrolar no tempo de actuación: dinamismo entre compoñentes e distintas seccións, vestiarios empregados, ...
20. A organización será a encargada de nomea-la cantidade de xuíces precisos para calificar cada apartado.
21. As gravacións audiovisuais que faiga o Real Coro “Toxos e Froles” do concurso pasarán a formar parte do arquivo da Entidade, reservándose o seu dereito de uso.
22. O Xurado será o encargado de xulga-las actuacións dos participantes seguindo o estipulado nas presentes bases e asignará o premio, que en ningún caso poderá quedar deserto.



## REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

23. A inscrición no concurso implica a aceptación das presentes bases. O Xurado poderá descalificar a calquera concursante que non cumpra co estipulado nas bases.
24. A decisión do Xurado será inapelable.